

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

Cultura. Bases reguladoras do programa de subvencións FO213/2019

Bases reguladoras do programa de subvencións a corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña, para o desenvolvemento de actividades culturais durante o ano 2019

Por Acordo da Xunta de Goberno do 4 de xaneiro de 2019, aprobáronse as Bases reguladoras do programa de subvencións a a corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña, para o desenvolvemento de actividades culturais durante o ano 2019, que se transcriben deseguido:

PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CORAIS POLIFÓNICAS, BANDAS DE MÚSICA POPULARES, ENTIDADES DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL GALEGO E FORMACIÓNS MUSICAIS DE GRANDE FORMATO DA PROVINCIA DA CORUÑA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS DURANTE O ANO 2019

BASES ESPECÍFICAS DO PROGRAMA (complementarias das bases reguladoras xerais)

Datos do programa

Denominación:	Programa de subvencións a corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña, para o desenvolvemento de actividades culturais durante o ano 2019
Referencia:	FO213/2019
Aplicación orzamentaria:	0612/3343/481 - Importe 480.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos:	Mínimo 3.000 €
Importe da subvención que se ha conceder:	Mínimo 1.000 €, máximo 30.000 €
Importe solicitado:	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionable
Coefficiente de financiamento:	Variable entre 0,20 e 0,80

Base 3.-Obxecto.

Obxecto específico do programa FO213/2019

Serán obxecto deste programa de subvencións:

- Actividades formativas.
- Actividades de documentación, investigación, recuperación e posta en valor da nosa cultura popular e tradicional, en formato físico e/ou virtual.
- Producción de espectáculos, exposicións, libros, discos ou outro tipo de materiais directamente relacionados coa cultura popular e tradicional galega obxecto desta liña específica: bandas de música populares, música coral, música e baile tradicional.
- Organización de festivais, mostras e encontros de entidades do ámbito obxecto da convocatoria.

Unicamente serán obxecto de axuda os gastos de carácter corrente, en ningún caso bens inventariables.

A realización do programa de actividades para o que fose concedida a subvención será de exclusiva responsabilidade da entidade, así como as obrigas fiscais e de seguridade social que delas se deriven.

Gastos subvencionables no programa FO213/2019:

Neste programa subvencionarase unicamente os seguintes conceptos:

1. Desenvolvemento de actividades, que inclúe:

- As contratacións externas de servizos (monitores, ponentes, profesorado, coordinador/a de actividades, etc.).
- A difusión das actividades (cartelería, materiais de imprenta, publicidade en medios, etc.).

- Edición e publicación de libros, catálogos e outros soportes.
- Os materiais funxibles precisos para a realización da actividade.
- O transporte necesario para a realización das actividades.

2. Soldos e salarios e Seguridade Social do persoal contratado para a realización das actividades.

3. Alugueiro de espazos para a realización das actividades. Se a entidade solicitante utiliza como espazo habitual das actividades o seu local en alugueiro e quere incluír este gasto anual como concepto de gasto subvencionable, deberá xustificar ese uso na memoria incluíndo na súa solicitude de subvención un mínimo de 20 actividades anuais a desenvolver nel, excluíndose do cómputo as de natureza interna (reunións da directiva, asembleas de socios e socias, ensaios, etc.).

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL
600	Compras de bens destinados á actividade (material non inventariable)
621	Arrendamentos e canons
623	Servizos de profesionais independentes (contratacións externas)
624	Transportes
627	Publicidade e propaganda
640	Soldos e salarios
642	Seguridade social a cargo da entidade

* Resolución do 26/03/2013, do Plan de contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos.

Base 4.-Exclusións.

Exclusións específicas do programa F0213/2019

Ademais das exclusións expresadas na base 4 das bases reguladoras xerais, non serán obxecto de subvención neste programa:

- As actuacións de agrupacións artísticas incluídas na Rede Cultural da Deputación.
- Os gastos de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes).
- Os gastos de desprazamento, manutención e aloxamento, salvo que estean vinculados directamente á realización de festivais, mostras e encontros. Estes gastos deberán especificarse motivadamente no orzamento.
- Os gastos financeiros.
- As actividades deportivas e de tempo libre, de promoción económica, de servizos sociais e de turismo.

Base 6.-Requisitos e obrigas das entidades solicitantes

Requisitos específicos do programa F0213/2019

Esta liña de subvencións canaliza o apoio económico da Deputación da Coruña para o desenvolvemento de actividades e proxectos das entidades sen fins de lucro, con domicilio fiscal na provincia da Coruña, que na nosa provincia dinamizan o campo da cultura popular e tradicional (corais, bandas de música, grupos de baile e/ou música tradicional), así como das formacións musicais de grande formato (orquestras sinfónicas e de cámara).

No caso das formacións musicais de grande formato, estas deben ter máis de 30 integrantes e actividade continuada nos cinco anos anteriores ao da solicitude da subvención.

Como excepción ao establecido nas Bases reguladoras xerais, as entidades que opten por este programa poderán tamén solicitar subvención no programa F0214: Programa de subvencións a corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais e grande formato da provincia da Coruña, para a realización de investimentos culturais durante o ano 2019.

Obrigas específicas do programa F0213/2019

Ademais das obrigas expresadas na base 6 das bases reguladoras, as entidades solicitantes de subvención neste programa terán as seguintes:

- Incluír o logotipo da Deputación nos soportes de difusión das actividades subvencionadas facendo constar ao seu carón o texto: "Actividade subvencionada pola Deputación da Coruña"
- As entidades solicitantes, na difusión das actividades subvencionadas en redes sociais, deberán incluír ou etiquetar nas súas entradas aos perfís da área de cultura da Deputación: @DACCultura no TWITTER e <https://www.facebook.com/daccultura/> no FACEBOOK.

- As entidades solicitantes deberán ter a súa páxina web oficial en lingua galega e o conxunto de soportes informativos e de difusión das súas actividades (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc.) deberán de estar sempre en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.
- Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega como lingua de uso vehicular dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartellaría, folletos e equivalentes). Desde a área de Cultura da Deputación farase seguimento específico para comprobar o cumprimento desta obriga.
- As entidades solicitantes que reciban subvención deberán asistir ás actividades formativas que no campo da xestión e as políticas culturais organice durante o exercicio 2019 a área de Cultura da Deputación da Coruña.

O incumprimento destas obrigas levará parella a perda da subvención.

Base 7.-Solicitudes.

7.1. Prazo e presentación de solicitudes específicos do programa F0213/2019

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste programa no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

7.2. Documentación específica do programa F0213/2019

Ademais da documentación relacionada na base 7.2 das bases reguladoras, as entidades solicitantes teñen que chegar, de xeito telemático:

1.-Dossier explicativo da natureza e traxectoria da entidade solicitante e da proposta de actividades para a que solicita a subvención. Deberá incluír a seguinte información:

1.1. Traxectoria da entidade:

- a) ano de fundación
- b) número de anos en funcionamento
- c) número de persoas asociadas á entidade
- d) páxina web e redes sociais

1.2. Formación musical.

Neste apartado da memoria as entidades solicitantes deberán realizar unha explicación pormenorizada das actividades formativas. Explicarase se as accións formativas teñen carácter puntual (cursos, seminarios) ou estábel (escola, con duración mínima de 8 meses e profesorado contratado). Igualmente farase constar se a escola ten carácter regrado e está recoñecida oficialmente pola Xunta de Galicia. Finalmente entregarán unha certificación do número de alumnos e alumnas participantes das súas actividades formativas.

1.3. Base social e integrantes.

As entidades certificarán, por un lado, o número de persoas asociadas e, por outro, realizarán unha explicación das formacións artísticas dependentes directamente da entidade e certificarán o número de integrantes nelas.

2.-Memoria explicativa da actividade para a que solicita a subvención, que conterá como mínimo os seguintes aspectos:

2.1. Descrición da actividade que se vai realizar, para os efectos de comprobar que é subvencionable nesta convocatoria segundo o disposto na base 3.

Se a actividade a realizar ten carácter formativo, deberán incluír a programación didáctica prevista (materias, profesorado, obxectivos, etc.). Se for un evento deberá incluír a correspondente folla de produción. No caso de desprazamentos débese incluír relación detallada destes, e dos gastos derivados. Finalmente, as propostas de actividades de recollida e difusión do patrimonio deberán indicar como está previsto o almacenamento do material obtido e a metodoloxía que se vai seguir na recollida e coidado dese material.

A entidade realizará unha xustificación argumentativa do interese, singularidade e calidade da proposta e presentará o calendario de realización das actividades ao longo do ano.

2.2. Apoio á divulgación de creacións galegas. As entidades explicarán os criterios de conformación do seu repertorio e indicarán, de existiren, as accións que desenvolven de cara a favorecer a divulgación do traballo creativo de autoras e autores galegos, tanto do pasado como da actualidade.

2.3. Fomento da cooperación sociocultural. As entidades explicarán se no deseño e desenvolvemento das actividades colaboran con outras entidades sociais e/ou culturais sen fins de lucro, indicando cales e en que casos.

Se a entidade solicitante utiliza como espazo habitual das actividades o seu local en alugueiro e quere incluír este gasto anual como concepto de gasto subvencionable, deberá xustificar ese uso na memoria incluíndo na súa solicitude de subvención un mínimo de 20 actividades anuais a desenvolver nel, excluíndose do cómputo as de natureza interna.

- 3.–Estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente, nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente.
- 4.–No caso das actividades formativas estábeis, certificación oficial do carácter de que a escola ten carácter regrado e está recoñecida oficialmente como tal pola Xunta de Galicia.
- 5.–Orzamento estimado dos gastos derivados da realización da actividade, desagregado por conceptos.
- 6.–Importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 80% do orzamento de gastos.
- 7.–Declaración doutras subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto.
- 8.–Declaración do emprego da lingua galega na realización do proxecto.

No caso de que se solicite a autorización para concertar a execución total ou parcial das actividades con persoas xurídicas vinculadas, deberán cumprirse os requisitos establecidos no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e art. 68 do Regulamento, RD 887/06, do 21 de xullo). Tamén deberán indicar a epígrafe na que está inscrita no IAE e achegar a documentación de constitución da entidade para comprobar o seu obxecto social.

Poderase requirir a entidade para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

Base 8.–Resolución

8.1. Valoración das solicitudes específicas do programa F0213/2019

- Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 15 puntos.
- Traxectoria e impacto social da entidade solicitante dentro do seu campo de actividade: ata 35 puntos; valorarase:
 - * Traxectoria da entidade: ata 5 puntos.
- Menos de 5 anos de actividade continuada, 2 puntos.
- Entre 6 e 10 anos de actividade continuada, 3 puntos.
- Máis de 11 anos de actividade continuada, 5 puntos.
 - * Formación musical: ata 15 puntos.
- Desenvolve accións formativas puntuais (cursos, seminarios): 3 puntos.
- Desenvolve unha proposta formativa anual de carácter estábel (escola, con duración mínima de 8 meses) e profesorado contratado: 5 puntos.
- A escola estábel ten carácter e regrado e está recoñecida oficialmente como tal pola Xunta de Galicia: 5 puntos.
- Número de alumnos e alumnas das actividades didácticas e formativas. Máis de 25 persoas: 2 puntos.
 - * Base social e integrantes: ata 15 puntos.
- Número de persoas asociadas á entidade:
 - * entre 25 e 50, 2 puntos.
 - * entre 51 e 100 persoas, 5 puntos.
 - * máis de 100 persoas, 7 puntos.
- Número de persoas participantes nos grupos artísticos dependentes da entidade, no caso de houber:
 - * menos de 25 persoas sumando as diferentes formacións, 2 puntos.
 - * máis de 25 persoas, 5 puntos.
 - * máis de 50 persoas, 8 puntos.
- Páxina web e redes sociais: a entidade conta con páxina web e perfís de redes sociais actualizados para a difusión e recollida de toda a actividade realizada: ata 5 puntos. 2 puntos se a entidade conta con páxina web propia, 3 puntos se ademais a web usa o dominio.gal. 1 punto por cada perfil en redes sociais. Indicarase o enlace á web e aos perfís. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.
- Apoio á divulgación de creacións galegas: ata 10 puntos; valorarase:
 - Número de obras de autores e autoras galegos do repertorio das actividades solicitadas superior ao 25%: 3 puntos.

Número de obras de autores e autoras galegos do repertorio das actividades solicitadas superior ao 50%: 6 puntos.

Número de obras de autores e autoras galegos do repertorio das actividades solicitadas superior ao 75%: 10 puntos.

- Fomento da cooperación sociocultural: ata 5 puntos; valorarase a participación directa no deseño e desenvolvemento das actividades doutras entidades sen fins de lucro de carácter social ou cultural a maiores da que presenta a proposta:

1 entidade a maiores da que presenta a proposta: 3 puntos

2 ou máis entidades a maiores da que presenta a proposta: 5 puntos.

- Interese do proxecto presentado: valorado por unha Comisión técnica de persoas expertas no ámbito cultural e alleas á Deputación: ata 30 puntos.

Valoraranse os seguintes aspectos:

A. Calidade e rigor técnico e económico do proxecto

B. Interese cultural do proxecto

A Comisión Técnica, no informe técnico correspondente, valorará os puntos A e B, derivados do documento 2 (Memoria explicativa da actividade para a que solicita a subvención), mais igualmente terá en conta a información que cada entidade traslada no documento 1 (Dossier explicativo da natureza e traxectoria da entidade solicitante). Do mesmo xeito, na súa valoración a Comisión terá en conta criterios comparativos en función do tipo de entidade (corais, bandas, orquestras, etc.).

8.4. Cambios de obxecto do programa F0213/2019.

Neste programa de subvencións non se admitirán cambios de obxecto.

Base 9.-Xustificación e pagamento.

9.3. Documentación específica do programa F0213/2019

- Memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos: actividades desenvoltas, temporalización, cuantificación e perfil dos participantes, resultados obtidos.

Se a entidade utiliza como espazo habitual das actividades o seu local en alugueiro e quere incluír este gasto anual como concepto de gasto subvencionable, deberá xustificar ese uso na memoria, incluíndo un mínimo de 20 actividades anuais desenvoltas nel, excluíndose do cómputo as de natureza interna (reunións da directiva, asembleas de socios e socias, ensaios, etc.).

- Acreditación da inclusión do logotipo da Deputación e uso da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas e da obriga de incluír en lugar visible e na súa páxina web a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.
- Envío á Deputación dunha copia dos libros e discos subvencionados.

A Coruña, 4 de xaneiro de 2019.

O presidente,

Valentín González Formoso

O secretario,

José Luis Almau Supervía

2019/92